



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE SANTA EULALIA DE DUMBRÍA

[Versión 2.0_ setembro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría está situado na localidade de Dumbría, pertencente ao concello de Dumbría. O Concello de Dumbría ten unha superficie de 125 km cadrados e está dividido en 7 parroquias: San Pedro de Buxantes, Santiago de Berdeogas, San Mamede de Salgueiros, Santa Uxía do Ézaro, San Martiño de Olveira, Santiago de Olveiroa e Santa Eulalia de Dumbría. A súa poboación está moi dispersa, tendo preto de 3000 habitantes.

O noso centro está situado na Rúa Dumbría s/n 15151 (Dumbría) moi cerca do Concello e o Centro de Saúde de Dumbría.

O centro conta con 4 unidades, das cales unha é de Educación Infantil. O catálogo de postos de traballo que determina o número de unidades do centro pode modificarse cada ano. O centro conta con 7 mestres e mestras máis 4 que son itinerantes, mentres que o alumnado matriculado oscila entre 60 e 70 nenos/as nos últimos anos. Contamos con algúns alumnos/as con necesidades educativas especiais.

A páxina web do Centro é a seguinte:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/>

A dirección de correo electrónico é: ceip.santaaulalia.dumbria@edu.xunta.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Concello de Dumbría ten un relevo montañoso con pequenos vales. A terra dedícase a monte con repoboacións de piñeiros e eucaliptos, a cultivos e a pastos. Tamén abundan as augas naturais. As actividades económicas as que se dedica a poboación están relacionadas coa agricultura, gandaría, hidroelectricidade e o sector servizos. Os nosos alumnos/as nas aldeas teñen tradicións e unha cultura propia. Predominan as casas unifamiliares con pequenos terreos e zonas con árbores. En relación á situación lingüística, emprégase de forma habitual a lingua galega. As familias presentan, en xeral, niveis de estudo medio-baixo.

O Plan Dixital de centro pretende contribuír a un correcto aproveitamento e uso dos recursos tecnolóxicos dentro da nosa comunidade educativa. Tendo isto en conta, a PXA recollerá certos aspectos que se reflicten no documento de PD.

O PD, entre outras cousas, resposta as tarefas establecidas para o Equipo Tic na programación xeral anual. As tarefas son as seguintes:

- Concienciar a comunidade educativa da utilización das novas tecnoloxías en relación coa realidade social na que vivimos.
- Fomentar entre o profesorado e o alumnado o emprego da aula virtual como medio de ensino a distancia segundo a idade dos/as discentes.
- Valorar o emprego dos distintos recursos cos que conta o centro: aulas con ordenador, encerados dixitais, aula de informática, etc.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe logrando a súa integración real no mesmo.

- Recoller dos distintos equipos docentes información sobre que materiais didácticos lles serían de utilidade e elaboralos, na medida do posible, coas ferramentas que aportan as novas tecnoloxías.

- Manter actualizada a paxina web e as redes sociais (blog, facebook) coas que conta o centro.

Con estes obxectivos, o que se pretende fundamentalmente é facilitar que o alumnado adquira a Competencia Dixital. Esta competencia inclúe utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e o modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e socio-laboral.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles. Para que isto se poida poñer en practica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a participación activa de todo o equipo docente. Este plan implica un cambio metodolóxico e unha adaptación na realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofrecen.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Na centro contamos co asesoramento da mentora da Rede Galega Dixitalgal, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo.

Nesta versión do Plan Dixital tivéronse en conta os datos de análise do plan do ano pasado, polo que as táboas de acción seguen as mesmas liñas.

2. Situación de partida

No centro hai dispoñible conexión a internet por Wifi e cable. Tamén contamos con dúas liñas telefónicas, e teléfono no despacho de dirección.

Nas aulas de Educación Infantil e Educación Primaria hai un ordenador portátil da mestra/e e un panel dixital interactivo. Por outra banda, as aulas de Inglés, Música, PT e AL contan ordenador portátil e encerado dixital interactivo. Tamén hai dispoñibles ordenadores na biblioteca (1 para a xestión da mesma e 2 para o alumnado), nas aulas PT e AL, en Orientación, na Secretaría do Centro (2) e en Dirección.

Hai unha aula de informática compartida coa sala do profesorado, con ordenadores de sobremesa e conexión a internet por cable.

Por outra banda, o centro conta 17 tabletas Android e 12 ordenadores portátiles para o uso do alumnado.

O centro conta cunha páxina web onde se publican os documentos de centro e novas relevantes para a comunidade educativa, difúndense as actividades feitas no centro, etc; e onde se inclúe un apartado con información sobre a ANPA.

Durante os últimos cursos vense facendo uso da aula virtual para a comunicación co alumnado, programación e avaliación de tarefas, etc.

O profesorado e as familias están tamén acostumados ó uso de EspazoAbalar para a comunicación a través da mensaxería, notificacións, peticións de titorías, etc.

As incidencias informáticas soluciónámolas, na medida do posible, os membros do Equipo TICs; así como mediante a UAC, cando se trata de dispositivos outorgados pola propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TICS:

Plan de ensino virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/node/460>

Recursos TIC para o alumnado:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/aulavirtual/>

Plan de continxencia:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/taxonomy/term/123>

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4.7
	Profesorado	3.5
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	2.9

	Alumnado	1.9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4.3
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.9
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2.2
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3.2
	Alumnado	2.2

Ademais tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	4	100%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	0	2	0%

SUBSTITUTO	0	2	0%
DESPRAZADO/OUTROS	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
64.6	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	66.3	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	68.3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	2	40%
B1	3	60
B2	-	-
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	5	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
-----------------	-------------------	--------------------

CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO		
	PERSOAL DOCENTE	<p>D1: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman debater sobre as necesidades de PDC no relativo á ensinanzas con tecnoloxías.</p> <p>D2: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter acceso a posibilidades de PDC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter posibilidade de compartir experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>E4: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> <p>F4: A comunidade educativa resalta que no centro, o profesorado leva a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motiva ao alumnado.</p>	<p>B1: O profesorado considera que non se avalían os seus progresos en materia de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C16: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p> <p>E3: O profesorado considera que non utiliza contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>F5: A comunidade educativa resalta que no centro, o profesorado non utiliza as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>G1: O equipo directivo considera que o profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>G3: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado.</p> <p>G5: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G6: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non se utilizan tecnoloxía dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais. -Tendo en conta o Test CDD, o profesorado debe mellorar a súa competencia dixital.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO		<p>H1: A comunidade educativa considera que o alumnado debe mellorar o coñecemento sobre a seguridade en internet.</p> <p>H2: A comunidade educativa</p>	

		considera que o alumnado debe ter máis coñecemento sobre a responsabilidade en internet. H8: O profesorado considera que no centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS	
	OFERTA	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3: O profesorado conta co apoio do Equipo directivo para probar novas formas de ensinanzas con tecnoloxías dixitais. A1: O profesorado indica a falta de estratexia dixital. A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de enseñanza con tecnoloxías dixitais. -O plan dixital é fácil convertelo nun elemento baleiro da programación.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-A administración educativa aposta polo Plan Dixital. -A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade para cambiar e mellorar as cousas. -Temos a nosa disposición a figura de mentor Adix para a elaboración do plan dixital.	-Carga burocrática do profesorado con múltiples funcións que non permiten un bo desenrolo das mesmas. -Escasa importancia das opinións do profesorado no desenvolvemento educativo. -As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.
	LEXISLACIÓN		A5: O equipo de dinamización do Plan dixital considera que se debe mellorar o coñecemento sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para a enseñanza e o aprendizaxe. -Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS	-Oferta de programas e	B3: O profesorado non utiliza

	ENTIDADES	proxectos para formación do profesorado.	ferramentas de colaboración con outras entidades. B4: O profesorado non colabora con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.
--	------------------	--	--

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Área/s de mellora: ÁREA B COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO 1:	(B4) Poñer en marcha un proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.				Acadado	
Responsable:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Acadar un proxecto educativo polo menos por etapa relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor de partida:	Hai 0 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor previsto e data:	Hai 2 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear un equipo por etapa encargado de levar a cabo o proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.	Profesorado interesado en participar no proxecto.	16/10/23	Espazo para a reunión. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Creación de un proxecto	Equipos creados	16/12/23	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		Realizada	
					Aprazada	

por etapa e contacto cos outros centros.	especificamente para iso.				Pendente
A01.3: Posta en marcha dos proxectos creados.	Equipos creados especificamente para iso.	26/05/24	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional Continuo (D)						
OBXECTIVO 2:	Formar ao profesorado en competencia dixital (D1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades realizadas co alumnado cos paneis dixitais interactivos e o material de Polos Creativos.					
Valor de partida	0 actividades realizadas en total co alumnado empregando os novos paneis dixitais interactivos e o material de Polos Creativos entre as etapas de EI e EP.					
Valor previsto e data	10 actividades realizadas en total co alumnado empregando os novos paneis dixitais interactivos e o material de Polos Creativos entre as etapas de EI e EP.			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Solicitud e creación dun PFPP cunha liña de creación de recursos para os paneis dixitais interactivos e para os Polos Creativos.	Persoa coordinadora do PFPP	15/10/23	Información a transmitir no claustro inicial.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realización de actividades co alumnado empregando os novos paneis interactivos e o material de Polos Creativos.	Profesorado implicado no PFPP e voluntario.	14/06/24	Conexión a internet Equipos informáticos Paneis dixitais interactivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No centro destacamos a necesidade de facer unha mellora no seguinte equipamento tecnolóxico existente:

- **Pantallas dixitais:** sería preciso dotar todas as aulas que aínda non dispoñen delas, cunha pantalla dixital para un mellor aproveitamento das ferramentas TIC (aula virtual, recursos online, libros dixitais, contidos interactivos, ...).
- **Tabletas Android:** sería preciso un caixón cargador para poder transportar as 17 tabletas polas diferentes clases, así como telas cargadas no momento que o profesorado e o alumnado precise.
- **Equipamento** dos ordenadores da aula de informática: sería preciso que cada ordenador da aula de informática tivera un monitor, teclado e rato adecuado e actualizado.
- **Micrófonos:** serían precisos para a creación de contidos audiovisuais dos proxectos que levaremos a cabo.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 23-24. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 23-24. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.